CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

TEXTO DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DOS PREMIOS DO DEPORTE DO CONCELLO DE MUROS, APROBADA INICIALMENTE POLO PLENO MUNICIPAL NA SESIÓN ORDINARIA DO 29 DE OUTUBRO DE 2026

O Pleno do Concello de Muros, na sesión ordinaria celebrada o día 29 de outubro de 2026, acordou aprobar inicialmente a modificación do Regulamento dos Premios do Deporte do Concello de Muros.

En cumprimento do acordo adoptado, e para os efectos da súa exposición pública, publícase no taboleiro de anuncios municipal o texto da modificación do regulamento aprobado inicialmente, que se reproduce a continuación.

Artigo 1. Obxecto do regulamento
O presente regulamento ten por obxecto establecer as normas que rexerán a concesión dos Premios do Deporte do Concello de Muros, organizados pola Concellería de Deportes no marco da Gala do Deporte.

Estes premios teñen como finalidade recoñecer publicamente o esforzo, a dedicación e os logros deportivos de persoas, entidades e colectivos vinculados ao municipio, tanto polos resultados obtidos como pola súa contribución á promoción dos valores do deporte.

A través desta iniciativa, o Concello pretende tamén visibilizar o traballo das entidades deportivas locais, fomentar a práctica deportiva e poñer en valor o papel do deporte como ferramenta de convivencia, inclusión e educación en valores.

Poderán ser recoñecidas tanto traxectorias deportivas destacadas como méritos acadados durante o ano natural anterior á convocatoria.

Artigo 2. Categorías dos premios
Establécense tres tipos de distincións: premios deportivos anuais, recoñecementos deportivos e mencións especiais.

2.1. Premios deportivos anuais
Os premios deportivos anuais outorgaranse nas seguintes categorías:

- Mellor deportista feminina do Concello de Muros.
- Mellor deportista masculino do Concello de Muros.
- Mellor promesa feminina do deporte do Concello de Muros.
- Mellor promesa masculina do deporte do Concello de Muros.
- Mellor deportista veterana do Concello de Muros, para persoas maiores de 40 anos.
- Mellor deportista veterano do Concello de Muros, para persoas maiores de 40 anos.
- Mellor club ou entidade deportiva do Concello de Muros.
- Mellor evento deportivo celebrado no Concello de Muros.
- Premio ao deporte inclusivo, destinado a persoas ou entidades que destaquen pola promoción da práctica deportiva entre persoas con diversidade funcional.
- Premio aos valores deportivos (xogo limpo), destinado a persoas ou colectivos que representen os valores do respecto, o compañeirismo, a superación e o xogo limpo no deporte.
- Premio especial da veciñanza, destinado ao/á deportista máis votado/a pola cidadanía mediante un sistema de votación popular.

CVD: SSnd7KIRlF0pFbijBjms Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Os/as deportistas poderán optar aos premios aínda que compitan en clubs ou entidades deportivas de fóra do Concello de Muros, sempre que cumpran os requisitos establecidos neste regulamento.

2.2. Recoñecementos deportivos

Ademais dos premios anuais, o Concello de Muros poderá conceder recoñecementos especiais a deportistas, equipos, técnicos/as, monitores/as, adestradores/as ou entidades deportivas que destaquen polos seus méritos deportivos durante o ano ou pola súa traxectoria.

Estes recoñecementos poderán concederse a:

- Deportistas destacados/as do municipio.
- Equipos ou clubs deportivos locais.
- Persoas vinculadas ao deporte, como técnicos/as, árbitros/as, directivos/as, monitores/as e outras figuras relacionadas coa actividade deportiva.
- Deportistas ou entidades que contribúan á promoción do deporte ou á difusión do nome de Muros a través da actividade deportiva.
-

2.3. Mencións especiais

O xurado poderá conceder ata tres mencións especiais a persoas, entidades ou colectivos que, pola súa dedicación, traxectoria ou contribución ao deporte local, merezan un recoñecemento público.

Artigo 3. Requisitos para optar aos premios

3.1. Deportistas individuais

Poderán optar aos premios individuais aquelas persoas que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- Ser nativas do Concello de Muros.
- Estar empadroadas no Concello de Muros.

Para optar ao premio de mellor deportista veterano/a será necesario ter máis de 40 anos.

3.2. Clubs e entidades deportivas

Os clubs e entidades deportivas deberán cumprir algún dos seguintes requisitos:

- Ter o domicilio social no Concello de Muros.
- Desenvolver a súa actividade deportiva principal no municipio.

3.3. Requisitos para os recoñecementos deportivos

Para os recoñecementos deportivos tamén poderán ser propostas persoas vinculadas a entidades deportivas locais ou que manteñan unha relación relevante co deporte no municipio.

Artigo 4. Presentación de candidaturas

O Concello de Muros convocará anualmente estes premios mediante resolución da Alcaldía.

As candidaturas poderán ser presentadas por:

- Clubs ou entidades deportivas.
- Persoas físicas.
- Asociacións.
- O propio Concello de Muros.

Cada proposta deberá incluír unha memoria explicativa cos méritos deportivos da candidatura, indicando os resultados deportivos, logros ou aspectos destacables que xustifiquen o recoñecemento solicitado.

CVD: SSnd7KIRlF0pFbijBjms Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

As candidaturas presentaranse no rexistro xeral do Concello de Muros ou a través da sede electrónica municipal (sede.muros.gal).

Unha vez recibidas as propostas, a Concellería de Deportes realizará unha avaliación previa para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos e elaborará unha relación de candidaturas que serán sometidas á valoración do xurado.

O Concello de Muros poderá propoñer candidaturas que considere merecedoras dun recoñecemento polos seus méritos deportivos ou pola súa contribución ao deporte municipal.

Artigo 5. Xurado
O xurado será nomeado pola Alcaldía e estará composto por representantes institucionais e do ámbito deportivo local.

5.1. Xurado dos premios deportivos anuais
O xurado dos premios deportivos anuais estará integrado polos seguintes membros:

- Alcalde ou alcaldesa do Concello de Muros.
- Concelleiro/a de Deportes do Concello de Muros.
- Técnico/a do departamento de Deportes do Concello de Muros.
- Un representante de cada club ou entidade deportiva do municipio.
- Un representante de cada grupo político municipal con representación.

Os clubs e entidades deportivas deberán comunicar previamente a identidade da persoa que os representará no xurado, dentro do prazo que estableza o Concello.

5.2. Xurado dos recoñecementos deportivos e das mencións especiais
O xurado encargado de valorar os recoñecementos deportivos e as mencións especiais estará integrado polos seguintes membros:

- Alcalde ou alcaldesa do Concello de Muros.
- Concelleiro/a de Deportes do Concello de Muros.
- Un técnico/a do departamento de Deportes do Concello de Muros.
- Un representante de cada grupo político municipal con representación.

Artigo 6. Sistema de votación
A elección das persoas ou entidades premiadas realizarase mediante un sistema de votación en urna. A urna permanecerá habilitada durante un período determinado de días, previamente anunciado polo Concello de Muros, co fin de facilitar a participación dos membros do xurado.

A votación realizarase de forma presencial no lugar que determine o Concello de Muros, garantindo a transparencia do proceso. Cada membro con dereito a voto poderá emitir un único voto por categoría.

Finalizado o período de votación, procederase ao reconto público das papeletas. Resultará gañadora en cada categoría a candidatura que obteña o maior número de votos.

No caso de empate, realizarase unha nova votación entre as candidaturas empatadas. Se persistise o empate, decidirá o voto de calidade da Alcaldía.

Se non se presentan candidaturas ou se o xurado considera que as propostas non reúnen os méritos suficientes, o premio poderá declararse deserto.

CVD: SSnd7KIRlF0pFbijBjms Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

O premio especial da veciñanza será determinado mediante un sistema de votación popular, cuxo procedemento e prazo serán establecidos e anunciados polo Concello de Muros na correspondente convocatoria.

As mencións especiais serán seleccionadas polo xurado entre as candidaturas presentadas, ata un máximo de tres, atendendo aos méritos, á traxectoria ou á contribución ao deporte local.

Artigo 7. Premios e entrega dos galardóns

As persoas ou entidades galardoadas recibirán un trofeo ou placa conmemorativa como mostra do recoñecemento do Concello de Muros ao seu labor deportivo.
A entrega dos galardóns realizarase no acto institucional da Gala anual do Deporte do Concello de Muros.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente e publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de conformidade coa normativa aplicable.
A súa vixencia manterase ata a súa modificación ou derrogación expresa.

En Muros na data da sinatura dixital
A Secretaria
Susana Souto López

CVD: SSnd7KIRlF0pFbijBjms Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/